

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Tecnoloxías da información e comunicación I 1º Bac.

Curso: 2022/2023

CÓDIGO DO CENTRO: 36014520

IES Pedra da Auga

| | | |
|---------------------------|---|------------------------------|
| Enderezo | | C.P. |
| Rúa Feliciano Barrera s/n | | 36860 |
| Localidade | Concello | Provincia |
| Ponteareas (San Miguel) | Ponteareas | Pontevedra |
| Tfno. | Fax | Correo electrónico |
| 886121205 | null | ies.pedra.auga@edu.xunta.gal |
| Páxina web | http://www.edu.xunta.gal/centros/iespedradaauga/ | |

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 5 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 6 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 16 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 17 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 18 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 19 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 22 |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias | 23 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 24 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 28 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 29 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 30 |

1. Introducción

Na sociedade actual na que vivimos xorde a necesidade dunha alfabetización dixital que nos permita dominar tanto a linguaxe propia destas tecnoloxías coma o manexo seguro das mesmas. A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación debe ir máis alá tratando que o alumnado desenvolva as competencias necesarias que lle permitan acceder con autonomía, capacidade de adaptación e autoaprendizaxe permanente no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, de xeito que consiga estar preparado para atender ás demandas deste campo de tan rápida evolución. A materia procurará educar ao alumnado na interacción co entorno dixital, cada vez máis presente na nosa sociedade, dun xeito crítico, ético e respectuoso cos demais. Non se poden esquecer os riscos derivados desta interacción, polo que o alumnado desenvolverá técnicas para preservar tanto a súa seguridade, coma a dos equipos e datos cos que traballa.

A proposta da materia contribuirá a desenvolver as competencias do alumnado, facendo que se enfrente a casos e situacións prácticas o máis semellantes posibles á vida cotiá. Deste xeito, potenciaranse as competencias relacionadas coa comprensión e a expresión utilizando ferramentas dixitais para procurar e analizar información, así como para elaborar documentación e presentar os logros conquistados. A resolución de problemas concretos utilizando a programación permitirá fortalecer as competencias matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. O alumnado profundizará nas técnicas de comunicación audiovisual, imprescindible na sociedade actual, e mellorando a competencia en conciencia e expresión culturais.

As tecnoloxías da información e da comunicación están directamente vencelladas ás destrezas e habilidades esenciais relacionadas coa competencia emprendedora. A metodoloxía activa proposta, vai permitir transformar as ideas en produtos finais, de modo que, a través da aplicación das aprendizaxes traballadas e de estratexias persoais e grupais se consiga a resolución, con éxito, dos problemas e situacións propostas. A materia dota ao alumnado, ademais, de habilidades que están moi recoñecidas e valoradas no mundo laboral actual, nun campo, o das tecnoloxías da información e da comunicación, que supón unha das liñas profesionais con máis perspectivas de futuro.

Características do centro e do entorno

O IES Pedra da Auga é un dos catro centros do concello de Pontearreas que cubren a demanda educativa para ESO e Bacharelato. É un centro que dá alumnos procedentes do entorno rural e urbano. A gran maioría do alumnado procede do propio concello, pero tamén hai unha certa cantidade procedente de concellos próximos como Mondariz, Mondariz Balneario e Covelo. A linguaxe utilizada polo alumnado e predominantemente o castelán. No que respecta ao alumnado estranxeiro, o número viuse incrementado nos últimos anos.

Entorno social, cultural, económico

Pontearreas está situada a 30 km ó leste de Vigo. Pertence ó concello do mesmo nome que ten unha poboación de máis de 22000 habitantes, a maioría deles residentes nesta vila. A súa densidade de poboación é superior á de Galicia.

A diferenza do que acontece na maioría dos concellos galegos, a poboación de Ponteareas experimentou un aumento significativo nos últimos anos posiblemente debido á posibilidade de atopar vivenda a prezo accesible para moitos traballadores das áreas industriais de Vigo e Porriño. Así temos que o maior número de persoas ocupadas son traballadores cualificados da industria manufacturera, operadores de instalacións e maquinaria e montadores, moitos dos cales traballan precisamente nestas áreas industriais antes mencionadas. Dentro das actividades empresariais destacan as empresas do sector servizos, predominando entre elas as de comercio. Despois están os sectores da construción e da industria e enerxía. Destacar a biblioteca e un auditorio municipal, que se pode utilizar para diversas actividades educativas, así como algunhas salas de exposicións, restos arqueolóxicos, castrexos visitables e algúns monumentos interesantes. As comunicacións por Internet de banda ancha foron recentemente melloradas.

O nivel cultural da poboación de Ponteareas é baixo xa que o número poboacional mais numeroso é o que ten estudos medios (EXB ou ESO) seguido do grupo Sen Estudos. Polo contrario nos niveis de estudos superiores, as porcentaxes son inferiores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias Tecnoloxías da información e comunicación I

| Obxectivos da área | Competencias Clave (descriptorios operativos) | | | | | | | |
|--|---|-----|-------|-------|-------|-----|-------|-------|
| | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
| OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora. | 1-2-3 | 3 | 1-2 | 1-2 | 31-40 | 1 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario. | 1-3 | | 4 | 2-3-5 | | | | |
| OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa. | | | 1-2-4 | 2-3 | 31-40 | | 1-2-3 | |
| OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual. | 2-3 | 2-3 | | 2-5 | 11 | 1 | 1-2-3 | 31-32 |
| OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto. | 1-2-3 | | 2-5 | 3-5 | 11-12 | 1-3 | | |

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Creación e xestión de follas de cálculo | Tratamento de datos con follas de cálculo | 10 | 10 | X | | |
| 2 | Creación e xestión de bases de datos | Tratamento de datos a través de bases de datos | 10 | 10 | X | | |
| 3 | A imaxe dixital | Edición dixital da imaxe fixa | 10 | 10 | X | | |
| 4 | Seguridade na rede | A seguridade da información na rede | 5 | 8 | X | | |
| 5 | A etiqueta dixital | A pegada dixital | 5 | 8 | X | | |
| 6 | Programación | Desenvolvemento e programación de aplicacións informáticas | 15 | 22 | | X | |
| 7 | Recursos expresivos de producións dixitais | Principais recursos expresivos propios das producións audiovisuais | 5 | 8 | | X | |
| 8 | Creación e edición de pezas audiovisuais | Creacións audiovisuais | 15 | 22 | | X | |
| 9 | Presentación e documentación de proxectos | Creación da documentación de proxectos dixitais e a súa presentación | 5 | 8 | | | X |
| 10 | Proxecto dixital | O alumnado elixirá profundizar nos contidos dos bloques de Programación ou de Audiovisuais á vez que desenvolve o proxecto dixital | 20 | 34 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

Tecnoloxías da información e comunicación I (1º Bac.)

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 1 | Creación e xestión de follas de cálculo | 10 |

Cráterios de avaliación

| Cráterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|--|----------------------------|--|------------------|
| CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos. | | | |
| CA2.2.1. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo. | TI | Realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo. | 80 |
| CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa. | TI | Interactuar en espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando información e datos. | 20 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C2.2 - Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos. |
| C2.4 - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------------------|----------|
| 2 | Creación e xestión de bases de datos | 10 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|--|----------------------------|--|------------------|
| CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos. | | | |
| CA2.2.2. - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de bases de datos. | TI | Realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de bases de datos. | 80 |
| CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa. | TI | Interactuar en espazos virtuais de comunicación, compartindo e publicando información e datos, | 20 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C2.3 - Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información. |
| C2.4 - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 3 | A imaxe dixital | 10 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|--|----------------------------|---|------------------|
| CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque. | TI | Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de retoque. | 100 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|---|
| C4.1 - Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas. |
| C4.2 - Resolución da imaxe e almacenamento. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 4 | Seguridade na rede | 8 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|--|----------------------------|---|------------------|
| CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións. | TI | Identificar situacións que representan unha ameaza na Rede. | 50 |
| CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo. | TI | Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade. | 50 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C5.1 - A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación. |
| C5.3 - Identificación de software malicioso. |
| C5.4 - Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 5 | A etiqueta dixital | 8 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|---|----------------------------|--|------------------|
| CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo. | TI | Desenvolver prácticas seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación. | 40 |
| CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría. | TI | Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual | 30 |
| CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede. | TI | Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais | 30 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C5.2 - Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede. |
| C5.5 - Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría. |
| C5.6 - Pegada dixital e protección de datos persoais na rede. |
| C5.7 - Etiqueta dixital. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6 | Programación | 22 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|---|----------------------------|--|------------------|
| CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan. | TI | Identificar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan. | 30 |
| CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a problemas definidos. | TI | Programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a un problema definido. | 70 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C3.1 - Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado. |
| C3.2 - Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas. |
| C3.3 - Utilización de operadores. |
| C3.4 - Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos. |
| C3.5 - Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno. |
| C3.6 - Utilización de librerías. |
| C3.7 - Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles. |
| C3.8 - Execución, proba, depuración e documentación de programas. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 7 | Recursos expresivos de producións dixitais | 8 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|--|----------------------------|--|------------------|
| CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos | TI | Analizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, | 100 |

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|--|----------------------------|--|------------------|
| e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa. | TI | como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara e efectos sonoros. | 100 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C4.3 - Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade. |
| C4.4 - Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias. |
| C4.5 - Raccord e ritmo na edición. |
| C4.6 - Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--|----------|
| 8 | Creación e edición de pezas audiovisuais | 22 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|---|----------------------------|---|------------------|
| CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual. | TI | Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxe | 30 |
| CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual. | TI | Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora. | 50 |
| CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede. | TI | Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede. | 20 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C4.4 - Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias. |
| C4.5 - Raccord e ritmo na edición. |
| C4.6 - Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa. |
| C4.7 - Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado. |
| C4.8 - Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música. |
| C4.9 - Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---|----------|
| 9 | Presentación e documentación de proxectos | 8 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|---|----------------------------|---|------------------|
| CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais. | TI | Crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais. | 100 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C2.1 - Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia. |
| C2.4 - Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede. |

Identificación da unidade didáctica

| UD | Título da UD | Duración |
|----|------------------|----------|
| 10 | Proxecto dixital | 34 |

Criterios de avaliación

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos de consecución | Peso orientativo |
|---|----------------------------|---|------------------|
| CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade. | TI | Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital | 10 |
| CA1.2 - Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real. | TI | Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema | 50 |
| CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas. | TI | Documentar un proxecto dixital | 10 |
| CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados. | TI | Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital | 10 |
| CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible. | TI | Abordar a xestión do proxecto de forma creativa e eficaz, fomentando o traballo en equipo | 20 |

Lenda: Tipo instrumento PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

| Contidos |
|--|
| C1.1 - Diseño creativo de proxectos. |
| C1.2 - Estratexias de procura crítica de información. |
| C1.3 - Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases. |
| C1.4 - Documentación de proxectos. |
| C1.5 - Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas. |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía a base de traballos prácticos e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

Os traballos prácticos permitirán ao alumnado coñecer e configurar os distintos dispositivos dixitais de uso cotián. Estas actividades prácticas facilitarán mellorar as destrezas para escoller e utilizar as ferramentas máis axeitadas para producir materiais dixitais de diversos tipos, así como crear aplicacións que resolvan problemas concretos.

Os traballos prácticos estarán deseñados para favorecer a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo. O profesor/a servirá de guía desde tarefas sinxelas ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e a satisfacción do alumnado.

Na realización de todos os traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dereitos de autor.

A difusión dos contidos dixitais creados en plataformas dixitais promoverá a liberdade de expresión e o respecto polos demais aplicando as normas da etiqueta dixital.

En todo momento do curso o alumnado implicarase no mantemento da seguridade, tanto da súa persoa como da información e dos equipos cos que traballa.

Realizarase un proxecto final baseado en programación ou na creación de contidos audiovisuais. Esta actividade permite que a materia sexa flexible e adaptable aos diferentes intereses e motivacións do alumnado, de xeito que poda ter un enfoque máis técnico ou máis artístico-creativo segundo o grupo de alumnado.

Os métodos de traballos utilizados, terán en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades. Así mesmo estes métodos favorecerán a capacidade de aprender por si mesmos e promoverán o traballo en equipo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Ordenador persoal - dispositivos dixitais |
| Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre. |
| Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos. |
| Aula virtual do centro. |

Cada alumno e alumna terá acceso en todas as clases a un ordenador no que se atopen instalados todos os programas informáticos necesarios e terá tamén conexión de Internet. Tamén terá acceso aos dispositivos dixitais necesarios para o seguimento das unidades didácticas propostas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha pequena proba práctica no ordenador ao comezo do curso, para avaliar os coñecementos básicos relacionados coa materia. Realizárase tamén unha proba de contidos teóricos para determinar os coñecementos conceptuais e de vocabulario técnico relativos á materia,

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos na materia:

| Tecnoloxías da información e comunicación I | | | | | | | | | |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 |
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 % | 10 % | 10 % | 5 % | 5 % | 15 % | 5 % | 15 % | 5 % |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

| Tecnoloxías da información e comunicación I | | Total Prog. |
|---|----------|-------------|
| Unidade didáctica | Total UA | |
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 % | 100 % |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 % |

Criterios de cualificación:

CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de Avaliación: tarefas de clase. Instrumento de Avaliación: táboa de indicadores. Peso no total en cada UD: 100%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da cualificación final da avaliación ordinaria do curso: 40% 1ªaval + 35% 2ªaval + 25% 3ªaval

Cálculo da cualificación final da avaliación extraordinaria do curso: nota obtida na proba

obxectiva de recuperación extraordinaria, realizada no ordenador.

Criterios de recuperación:

Ao longo do curso, o profesorado concretará aqueles traballos e tarefas que o alumnado poderá entregar de novo dentro dun prazo establecido para recuperalos.

A recuperación realizarase por cada unidade didáctica. A nota final calcularase tendo en conta as novas cualificacións obtidas e seguindo o procedemento establecido.

O alumnado que non acade unha cualificación final de 5 ou máis de 5 na avaliación ordinaria do curso, terá que realizar unha proba obxectiva de recuperación extraordinaria no ordenador, que en todo caso tratará sobre todas as unidades didácticas do curso.

Nas sesións de clase que teñan lugar no período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, o alumnado que teña que realizar a proba extraordinaria realizará tarefas para preparar dita proba. Neste período, o alumnado que teña superada a materia na avaliación ordinaria, realizará tarefas de reforzo e ampliación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que curse 2º de Bacharelato pero teña a materia de TIC I de 1º de Bacharelato pendente de superar, ó non tela superado en anos anteriores deberán realizar as seguintes actividades :

- Realización e entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba obxectiva final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.
- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.
- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que curse en 2º de Bacharelato a materia de TIC II, pero non cursara a materia de TIC I en 1º de Bacharelato, deberán de realizar as seguintes actividades :

Realización e entrega periódica de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.

- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba obxectiva final.

- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.

- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:

Media aritmética das probas obxectivas parciais 50% da cualificación.

Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.

- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.

- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contémpanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdoblamento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | | | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | | | |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | | | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | | | X | X | |
| ET.8 - Igualdade de xénero | | | | | | |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | | | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | | | | X | X | |
| ET.11 - Formación estética | X | X | X | | | X |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | | | | | X | |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais | | | | | X | X |

| | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|---|------|------|------|-------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | | | | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | | | | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | | X | | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | | | | X |

| | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|--|------|------|------|-------|
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X |
| ET.10 - Educación para a saúde | | | | |
| ET.11 - Formación estética | X | X | X | X |
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | | | | X |
| ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais | | X | | X |

Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica, tamén traballarase técnicas de comunicación de ideas.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos fomentará o traballo en equipo.

Igualdade de xénero: buscarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos.

Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sustentabilidade.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición |
|---|---|
| Saídas didácticas relacionadas coa materia. | Saídas didácticas relacionadas coa materia. |

Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos desenvolvidos nas distintas unidades didácticas do curso.

Asemade, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos.
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado. |
| A selección e temporalización de contidos foi axeitada. |
| Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica.... |
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo. |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados. |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos. |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado. |
| As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas. |
| Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado. |
| Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma. |
| Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións. |
| Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia. |
| Existiu coordinación entre os distintos profesores/as. |

Descrición:

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios na aula virtual do centro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.